



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, cuxa forma xurídica é:

- A) Unha axencia pública autonómica suxeita ao dereito administrativo; e o réxime xurídico externo, polo dereito privado ou polo dereito administrativo
- B) Unha sociedade pública empresarial de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
- C) Un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins
- D) Un consorcio autonómico de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins

2. O Art. 6 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece a clasificación do persoal sanitario de formación universitario atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso. Sinala a opción incorrecta:

- A) Licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde.
- B) Licenciados sanitarios.
- C) Diplomados con título de Especialista en Ciencias da Saúde.
- D) Técnicos sanitarios superiores con título de Especialista en Ciencias da Saúde.

3. España constitúese nun Estado:

- A) Social de Dereito
- B) Democrático de Dereito
- C) Social e democrático de Dereito
- D) Plural e democrático de Dereito

4. Que debe ser democrático nun partido político?:

- A) O seu funcionamento
- B) A súa estrutura interna
- C) O seu funcionamento e estrutura interna
- D) Os seus órganos assemblearios

5. Segundo o Art.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade, Os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente?

- A) A garantir que cantas accións sanitarias desenvólvanse estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- B) Á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- C) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- D) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.

6. Quen gozan da condición política de galegos segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- A) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- B) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa nun municipio galego durante un ano como mínimo.
- C) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis especiais do Estado, teñan veciñanza administrativa nun municipio galego durante durante 183 días ó ano
- D) Toda persoa que teña veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

7. Sinale cal dos seguintes non é un dos Principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia

- A) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública.
- B) A orientación cara á cidadanía e a participación social e comunitaria na formulación de políticas sanitarias, así como do control das súas actuacións.
- C) A descentralización, desconcentración e autonomía na xestión dos servizos sanitarios.
- D) A ordenación das relacións coas persoas no sistema de saúde e as prestacións sanitarias de cobertura pública.

8. Segundo a Constitución, mediante qué NON compete ós poderes púnicos organizar e tutelar a saúde pública:

- A) Medidas preventivas
- B) Prestacións necesarias
- C) Servizos necesarios
- D) Medicina Estética

9. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinale cal das seguintes non é unha obrigaón do persoal estatutario dos servizos de saúde

- A) Cumprimentar os rexistros, informes e demais documentación clínica ou administrativa establecidos na correspondente institución, centro ou servizo de saúde.
- B) Cumprir ao seu prudente arbitrio as instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos en relación coas funcións propias do seu nomeamento, e colaborar leal e activamente no traballo en equipo.
- C) Cumprir as normas relativas á seguridade e saúde no traballo, así como as disposicións adoptadas no centro sanitario en relación con esta materia.
- D) Ser identificados polo seu nome e categoría profesional polos usuarios do Sistema Nacional de Saúde.

10. O Art. 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, regula as situacións de outorgamento do consentimento por substitución as seguintes, sinale a opción correcta:

- A) Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, por criterio do médico responsable da asistencia, o dereito corresponderá aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el.
- B) Cando o paciente sexa un incapacitado legal, o dereito corresponde ao seu representante legal, que haberá de acreditar por calquera medio admitido en Dereito, que está legalmente habilitado para tomar decisións que afecten á persoa do incapaz.
- C) Cando o paciente menor de idade non sexa capaz intelectual nin emocionalmente de comprender o alcance da intervención, neste caso, o consentimento darao o representante legal do menor despois de escoitar a súa opinión se ten catorce anos cumpridos.
- D) No caso de que a decisión do representante legal sexa contraria aos intereses do menor ou incapacitado, haberán de adoptarse unha solución por estrito criterio médico.

Preguntas de reserva

1. Segundo o Artigo dez da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidad, todos teñen os seguintes dereitos con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Instituciones Sanitarias.
- C) Á información sobre os servizos sanitarios a que pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- D) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.

2. Sinale a opción incorrecta. A Constitución NON garante:

- A) A responsabilidade e a interdicción da discrecionalidade dos poderes públicos.
- B) O principio de legalidade.
- C) A irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.
- D) A xerarquía normativa e a publicidade das normas.